

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de xuño de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Pablo Pérez Pérez DEPUTADOS/AS: D. Plácido Álvarez Dobaño D. José Antonio Feijoo Alonso D. Antonio Montero Fernández D. Miguel A. Cid Álvarez D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas D. Vicente Gómez García D. José Ignacio Gómez Pérez D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez D. Armando Ojea Bouzo D. Ramiro Rodríguez Suárez SECRETARIO: D. Francisco Cacharro Gosende INTERVENTOR ACCTAL: D. José Mosquera Casero	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 20 de xuño de 2018 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de D. Pablo Pérez Pérez, e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
--	---

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 16 DE MAIO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 16 de maio de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA MODIFICACIÓN DOS CRITERIOS DE CONCESIÓN DE NOVAS AUTORIZACIÓNS PARA A PLANTACIÓN E AMPLIACIÓN DE VIÑEDOS.-

O **presidente da comisión** expón o contido da moción.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, pregunta se o goberno español pode modificar a normativa europea de 2013 á que se alude na moción.

O **Sr. secretario** informa de que esa normativa é un regulamento comunitario e como tal é unha norma de aplicación directa que só poden modificar os órganos competentes da Unión Europea.

D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista, di que nese caso a moción sería un acto de demagogia porque se lle pide ao goberno que faga algo que non pode facer.

O Sr. secretario aclara que unha vez examinado o contido da moción o que se pide é a modificación dun real decreto do ano 2017, e iso si que o podería facer o goberno.

O **presidente da comisión** argumenta que o que se lle pide ao goberno é que se adapte esa normativa á peculiaridade do sector en Galicia, como se fixo noutras comunidades autónomas como a Rioxa.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Instarlle ao Ministerio de Agricultura, como administración responsable da concesión de autorizacións, a modificar de xeito urxente o Real decreto 772/2017, do 28 de xullo, recollendo nos criterios de admisión de solicitudes a especificidade do sector na provincia de Ourense, que tamén concorre en Galicia.

2º.- Instarlle á Xunta de Galicia, como administración responsable da tramitación e supervisión das solicitudes, a estudar de xeito urxente as medidas necesarias que permitan adaptar os criterios de concesión de novas plantacións á realidade do sector na provincia de Ourense, que tamén é de Galicia.

3º.- Instarlle á Xunta de Galicia, en colaboración coa Deputación Provincial de Ourense e os consellos reguladores de denominación de orixe do viño, a poñer en marcha un plan de formación que permita acreditar a viticultores e adegueiros a capacidade e competencia profesionais recollidas no artigo 8 do Real decreto 772/2017, do 28 de xullo.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Trala declaración previa por unanimidade da súa urxencia, por non figurar na orde do día, tratouse o seguinte asunto:

3ªA.- MODIFICACIÓN DO CADRO DE TARIFAS DO SERVIZO DE ESTACIONAMENTO DE VEHÍCULOS NOS TERREOS ANEXOS AO HOSPITAL SANTA MARÍA NAI.

O Sr. secretario expón o contido da moción da Presidencia.

D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG, anuncia o voto en contra, cuxos motivos exporá no Pleno.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6), o voto en contra do BNG (1) e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Aprobar a modificación do contrato de concesión para a explotación do estacionamento para vehículos en terreos anexos ao Hospital Santa María Nai, con efectos do 1 de xullo de 2018, no relativo ás tarifas do servizo e ao canon concesional, quedando nos seguintes termos:

Tarifas xerais:
- Primeiros 30 minutos: 0,00 €/minuto. - Seguintes 30 minutos: 0,025 €/minuto. - Resto do tempo: 0,020 €/minuto.

Tarifas especiais	Importe	OBSERVACIÓNS
Bono 4 días	30,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono 7 días	42,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono 15 días	59,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono 1 mes	90,00 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira con distintos vehículos.</i>
Bono empregados CHUOU (200 horas)	40,50 €	<i>*Pódese saír as veces que se queira, con caducidade 1 ano.</i>
Bono 30 horas	29,00 €	<i>*Ata agotar o saldo, caducidade de 1 mes.</i>
Bono residentes	39,00 €	<i>*De luns a venres de 19.00 a 09.00 horas e sábados, domingos e festivos as 24 horas.</i>
Ticket disuasorio	7,50 €	<i>*Paga por adiantado, unha única saída e caducidade 24 horas.</i>

Canon que deberá aboar a concesionaria:

- Ano 2018: 37.819,13 euros.
- Ano 2019 e seguintes ata a extinción da concesión: 26.375,50 euros.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, di que a estrada que vai a Oira desde onde remata a ponte nova, ao parecer é da Deputación Provincial (aínda que non puido confirmar este dato) e nesta estrada hai un piar ao viaduto que se apoia na beirarrúa e molesta o paso de persoas en cadeira de rodas, polo que formula un rogo para que, de ser este viario da Deputación, se arranxe ese tramo de xeito que se solucione ese problema.

O **presidente da comisión** manifesta que toma nota e que se lle dará traslado á Área de Infraestruturas para que estuden esta cuestión.

E, ás 18.12 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.